

MEMORIA PROXECTO

“Coñécelas? 10 escritoras imprescindibles”

a. INTRODUCIÓN

O proxecto “**Coñécelas? 10 escritoras imprescindibles**” foi promovido pola biblioteca do IES de Brión e realizado polo alumnado de Literatura Universal de 1º de Bacharelato, como parte das actividades de conmemoración do día 8 de marzo e co fin principal de visibilizar a un grupo de escritoras de todos os tempos e orixes que abriron camiño ao longo da historia da literatura.

Esta actividade permitiuños desenvolver varios dos **contidos** do currículo da materia de Literatura Universal, ademais dos **criterios, estándares de avaliación e competencias clave** a eles asociados. No cadro que se achega a continuación mostramos todos os elementos curriculares implicados neste proxecto e as relacións existentes entre eles:

Literatura Universal. 1º de bacharelato				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
Bloque 1. Procesos e estratexias				
<ul style="list-style-type: none">• B1.3. Observación, recoñecement o e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas	<ul style="list-style-type: none">• B1.3. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en	<ul style="list-style-type: none">• LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CSC	

<p>artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).</p>	<p>diversas manifestacións artísticas da cultura universal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC
--	---	---	---

Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal

<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura. B2.2. Renacemento e Clasicismo. B2.3. O Século das Luces. B2.4. O movemento romántico. B2.5. A segunda mitade do século XIX. B2.6. Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Ler, comprender e analizar obras breves, fragmentos ou obras completas, significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> LUB2.1.1. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e 	<ul style="list-style-type: none"> LUB2.2.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC

	<p>literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.</p>	<p>e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un/unha autor/a ou unha época con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimientos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> LUB2.3.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD
		<ul style="list-style-type: none"> LUB2.3.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC

		da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacóns entre a literatura e o resto das artes.	
--	--	--	--

As tarefas previstas para a elaboración deste proxecto organizáronse conforme ao seguinte **calendario**, que tiña como obxectivo ter o produto final preparado para a semana das celebracións da efeméride do 8 de marzo:

CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS				
31	Febreiro 1	2	3	4 Presentación do proxecto ao alumnado.
7	8	9	10	11
Fase de investigación e documentación e recopilación na rede.		Fase de investigación e documentación e recopilación na rede.	Fase de investigación e documentación e recopilación na rede.	Fase de investigación e documentación e recopilación na rede.
Deseño dos bosquejos.	15	Deseño dos bosquejos.	Deseño dos bosquejos.	18
Corte e lixado das planchas base.	22	Corte e lixado das planchas base.	Corte e lixado das planchas base.	25
28	Marzo 1	2	3	4

Decoración das siluetas.		Decoración das siluetas.	Decoración das siluetas.	
7 Elaboración do xogo de preguntas.	8 Exposición do proxecto.			

En canto ao **alumnado e profesorado que participou no proxecto**, foron os alumnos e alumnas matriculados na optativa de Literatura Universal, adscritos ao grupo de 1º de Bacharelato B do IES de Brión, a docente da materia, e ao equipo de biblioteca.

No referente á **organización** para a súa realización, o equipo de biblioteca e a docente da materia mantiveron unha serie de reunións previas, nas que os primeiros se encargaron de presentar a idea da actividade e nas que se foron propoñendo e pactando as bases da mesma: criterios de escolla das autoras (co obxectivo de crear unha escolma representativa de distintas épocas, culturas, procedencias, etnias, xéneros literarios, etc.), listaxe final de autoras, metodoloxía de traballo, formato do produto final, deseño do calendario de tarefas, etc.

b. Obxecto ou temática de investigación propostos.

A investigación, realizada co gallo das celebracións do Día Internacional da Muller, centrouse na descuberta e afondamento nunha lista de autoras representativas de diferentes épocas, procedencias, culturas e xéneros literarios: Murasaki Shikibu, Virginia Woolf, Gabriela Mistral, Simone de Beauvoir, Maya

Angelou, Toni Morrison, Nawal El Saadawi, Sylvia Plath, Marjane Satrapi e Chimamanda Ngozi Adichie.

Un achegamento protagonizado polos alumnos e alumnas de Literatura Universal pero que grazas aos produtos finais, unha **exposición interactiva** e un **xogo de preguntas**, fíxose extensivo a outros membros da comunidade educativa.

c. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Como xa referimos anteriormente, a actividade foi proposta polo equipo de biblioteca, que en sucesivas reunións, xunto coa profesora da materia, deseñou o paso a paso a seguir polo alumnado. A partir desta concreción da proposta a profesora levouna á aula para a súa elaboración por parte do grupo-clase. Unha vez rematado o produto final, a biblioteca foi o escenario escollido para albergar a exposición e o lugar no que os seus visitantes puideron xogar ás preguntas nas que demostraron todo o que foron quen de aprender sobre as autoras.

e. Relación das tarefas más importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

O primeiro paso consistiu na presentación ao longo dunha sesión do proxecto ao grupo-clase que tras debater, e guiándose principalmente polos seus intereses e afinidades, convíu en distribuír a lista das autoras seleccionadas para a investigación, a razón de dúas escritoras por alumno/a. Unha vez que as protagonistas do proxecto estiveron repartidas entre os seus responsables comezou a fase de investigación. De xeito guiado, os membros do grupo-clase iniciaron unha investigación sobre cada unha das autoras para coñecer en maior profundidade a cada unha destas personalidades, indagando, principalmente en Internet, sobre a súa vida e obra.

Como froito desta investigación, os alumnos e alumnas recompilaron non soamente información, senón tamén toda unha serie de materiais gráficos e audiovisuais así como fragmentos das obras más senlleiras de cada unha das autoras estudiadas. A premisa que se lles ofreceu foi que ademais de aprender o máximo posible sobre as autoras investigadas, colectaran aqueles datos más relevantes e sorprendentes sobre cada unha delas.

Xa empapados con toda a información necesaria pasamos á seguinte fase do proxecto: o deseño das siluetas. Nun folio tamaño A4, cada un dos alumnos e alumnas deseñou o aspecto co que quería dotar a súa silueta. Desde a selección dos datos a incluír, a interactividade dos elementos constitutivos e tamén os aspectos más ornamentais. Algúns destes elementos, como a situación dos códigos QR ou a posición dos nomes das autoras, decidíronse no grupo-clase para que fosen concordantes e así poder darlle á exposición certa coherencia.

Unha vez finalizados os bosquexos, que áínda que realizados de maneira individual foron en todo momento consensuados co grupo-clase, nun intercambio permanente de perspectivas e pareceres, procedeuse ao deseño e recorte das siluetas, que foron recortadas seguindo un mesmo modelo. En parellas, e partindo dun primeiro prototipo consensuado, os alumnos e alumnas deron forma, recortaron e lixaron cada unha das dez siluetas humanoides que deron forma á exposición.

Coas pranchas xa convertidas na base do proxecto, cada membro do equipo, encargouse de facer realidade en cada unha delas o que ideara no seu bosquexo. Unha vez rematada a creación e ornamentación de cada unha das dez figuras, que incluíu ademais elementos interactivos que o público podía manipular (sobres con información extra, desplegables...), os membros do equipo de traballo elaboraron un

xogo de preguntas na app genially relacionado cos datos sobre as escritoras expostas para que toda a comunidade educativa puidese participar (<https://bibliobrion.blogspot.com/2022/03/quiz-10-escritoras-imprescindibles.html>)

f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Con respecto aos **recursos** empregados para o desenvolvimento do proxecto, destacan os libros e ordenadores da biblioteca que permitiron realizar a investigación inicial sobre as autoras, así como todos os materiais de papelería que este espazo adquiriu e puxo a disposición do alumnado.

Esta indagación foi posible a partir da consulta das seguintes **fontes**:

• **Maya Angelou:**

-<https://www.youtube.com/watch?v=52qsQ2VoOAk>

https://es.wikipedia.org/wiki/Maya_Angelou

• **Simone de Beauvoir:**

-<https://www.youtube.com/watch?v=7g1qGVon49o>

https://es.wikipedia.org/wiki/Simone_de_Beuvoir

• **Gabriela Mistral:**

-<https://www.poemas-del-alma.com/gabriela-mistral.htm>

https://es.wikipedia.org/wiki/Gabriela_Mistral

- **Toni Morrison:**

-https://www.youtube.com/watch?v=KqE3C_IeVuY -

<https://www.todoliteratura.es/noticia/53036/literatura/el-all-in-de-toni-morrison-con-ojos-azul> es.html

-https://gl.wikipedia.org/wiki/Toni_Morrison

- **Chimamanda Ngozi Adichie:**

-<https://www.youtube.com/watch?v=iVl0e-xq23U> -

https://es.wikipedia.org/wiki/Chimamanda_Ngozi_Adichie

- **Sylvia Plath:**

-https://www.youtube.com/watch?v=S0rY-7kxD_M -

https://es.wikipedia.org/wiki/Sylvia_Plath

- **Nawal El Saadawi:**

-<https://www.youtube.com/watch?v=djMfFU7DIB8> -

https://es.wikipedia.org/wiki/Nawal_El_Saadawi

- **Marjane Satrapi:**

-https://youtu.be/v9onZpQix_w.

https://es.wikipedia.org/wiki/Marjane_Satrapi

- **Virginia Woolf:**

-<https://www.youtube.com/watch?v=1FEIAgm5vug>

<https://www.youtube.com/watch?v=Bg3Y6Z90YIA>

-https://es.wikipedia.org/wiki/Virginia_Woolf

g. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

A comunidade educativa do IES Brión estivo implicada desde o primeiro momento co proxecto pois todos eles (alumnado, profesorado, PAS, familias) foron o público obxectivo do produto final que se obtivo da iniciativa. A exposición e xogo resultantes do traballo púxose a disposición de todos eles na biblioteca escolar e nas suas redes (páxina web, blog, instagram, canle de youtube) e unha parte importante desta comunidade decidiu achegarse a descubrilo.

h. Difusión dos traballos na comunidade educativa

O proceso e os produtos resultantes do proxecto realizado foron expostos na biblioteca do centro durante todo o mes de marzo. Ademais realizouse un vídeo resumo que foi publicado no blog:

<https://bibliobrion.blogspot.com/2022/03/concelas-10-escritoras-imprescindibles.html>

Na conta de Instagram: https://www.instagram.com/p/Ca2Awd2A_zK/

E tamén se deu conta do proxecto na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/node/3544>

E tamén se puxo a disposición da comunidade educativa o quiz sobre o proxecto:

<https://bibliobrion.blogspot.com/2022/03/quiz-10-escritoras-imprescindibles.html>

i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliação e as competencias

clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

A avaliação do proxecto realizouse a partir do uso dunha **rúbrica** baseada principalmente nos criterios, competencias e estándares traballados que se detallan no apartado a). Inclúese a continuación o instrumento de avaliação concreto co que se traballou e do que se tiraron os resultados:

RÚBRICA DE AVALIACIÓN				
	Moi ben (4)	Ben (3)	Regular (2)	Mellorable (1)
Lectura análise	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias.	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido.	Non le nin analiza textos literarios universais de distintas épocas.
Busca de información e expresión da mesma	Selecciona información relevante e utiliza o rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	Selecciona información relevante e utiliza o rexistro apropiado pero a veces non emprega a terminoloxía literaria necesaria.	Selecciona información pouco relevante ou non utiliza o rexistro apropiado.	Non selecciona información relevante.
Consulta de fontes	Consulta e cita fontes de información diversas.	Consulta e cita fontes de información.	Consulta pero non cita fontes de información.	Non consulta nin cita fontes de información.
Relacións entre literatura e feminismo	Explica de forma destacada os cambios significativos na concepción da literatura e dos significativos na	Explica os cambios significativos na concepción da literatura e dos significativos na	Explica con dificultade os cambios significativos na	Non explica os cambios significativos na concepción da

	concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais.	xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais.	concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais.	literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais.
Organización da información	Realiza presentacións planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contenido, argumentación coherente e clara das propias opinións.	Realiza presentacións planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contenido.	Realiza presentacións planificadas integrando coñecementos literarios e lectura.	Non realiza presentacións planificadas integrando coñecementos literarios e lectura.

I. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A biblioteca escolar é quen propón e promove o proxecto para ser realizado no grupo de Literatura Universal co gallo do 8 M. Tamén decide conxuntamente coa profesora o deseño e temporalización do mesmo, así como o tipo de materiais a utilizar.

Encargouse de adquirir os materiais necesarios (planchas de cartón-pluma, materiais de papelería) e xustamente co alumnado e profesora do grupo, dispoñer os elementos expositivos na biblioteca do centro. Finalmente tamén se encarga de darrle forma ao quiz interactivo elaborado polo alumnado:

<https://bibliobrion.blogspot.com/2022/03/quiz-10-escritoras-imprescindibles.html>